

# A MERENDA VEXETAL



5º EDUCACIÓN INFANTIL

CEIP DE QUIROGA

## PLAN PROXECTA: ALIMENTA-T BEN E XERMOLIÑO.

Como mestra de apoio de educación infantil traballei o plan proxecta cos alumnos e alumnas d5º de educación infantil.

Traballei os seguintes obxectivos:

- Adquirir vocabulario relacionado coa alimentación saudable.
- Traballar os momentos de hixiene relacionados cos alimentos.
- Favorecer o consumo diario de froitas e verduras.
- Fomentar hábitos de alimentación saudables no centro e fóra do mesmo.
- Disfrutar realizando diferentes receitas nas semanas da froita.

E realicei as seguintes actividades con eles:

### 1- Traballamos as froitas na semana da froita.

No colexio fixéronse tres semanas de froita fresca o longo do curso, na que puidemos comer: plátano, mazá, amorodos, creixas, uvas,...

Falamos da importancia de comer froita fresca e os beneficios para o noso corpo.



2- Realizamos as tartas dos cumpreanos do primeiro e do segundo trimestre.

No primeiro trimestre fixemos a Papá Noel, con amorodos e plátanos.



E no segundo trimestre fixemos a tarta relacionada co proxecto que estaban a traballar na aula: "castrexos e romanos".



3- Traballamos o libro dos Bolechas " a merenda vexetal".


Lemos o libro dos Bolechas e falamos de tódalas froitas e verduras e as características de cada unha de elas.

A partir do conto fixemos un mural no que cada neno e nena fixo unha verdura e unha froita co seu nome para a merenda vexetal. QUEDOUNOS XENIAL!!!!!!!!!!!!!!



#### 4- Realización de merendas monstruosas.

Na semana do Samaín fixemos unha vasoira con queixo e un paliño de pan, tamén fixemos un monstruo con kiwi,..., ESTABAN BOÍSIMOS!!!!!!!!!!!!!!



O día que fixemos os monstruos xuntámanos as tres clases na aula de 4º de educación infantil. ESTABAN RIQUEZIMOS!!!!!!



#### 5- Taller con froitas.

Por último fixemos un taller coa clase de 4º de educación infantil, no que fomos a cociña e fixemos unha flor con plátanos e amorodos, os/as nenos/as pasárono moi ben!!!!!!





PASÁMOLO MOI BEN E APRENDEMOS MOITO!!!!